


**memoria**



**14 viraventos**





Paco Lorca



The background is a piece of light brown fabric with intricate dark brown embroidery. The embroidery consists of various geometric shapes, including squares, rectangles, and circles, some of which are interconnected to form a grid-like structure. The stitching is visible, giving the patterns a textured appearance.

Memoria

14



# contidos



**PRESENTACIÓN 5**

**QUEN SOMOS 6**

O noso enfoque

A organización por dentro

**LOGROS DO ANO 10**

**QUE FIXEMOS 12**

Acción social 14

Sensibilización e EpD 26

Participación institucional e mobilización social 32

**COMUNICACIÓN 36**

**AS CONTAS CLARAS 36**

**COLABORACIÓN 40**

# Presentación

Queridos amigos e amigas,

Moitas grazas, porque o voso interese e apoio fai posible a nosa actividade. Rematou outro ano difícil no que confirmamos a necesidade da acción social e a importancia do traballo dos equipos técnicos, do voluntariado e da solidariedade de moitas persoas anónimas.


A crise segue a deixar Galicia en mínimos de benestar, con milleiros de persoas en situación de pobreza e exclusión social e moitos cidadáns e cidadás con graves problemas para afrontar necesidades básicas como o pagamento da alimentación e a vivenda.

Como nos últimos anos, procuramos priorizar a loita contra a pobreza infantil e o apoio aos esforzos de formación e busca de emprego de moitas nais, sen esquecer os esforzos a prol dun mellor coñecemento da realidade da inmigración. A organización do Congreso sobre a diversidade relixiosa foi un exemplo práctico deste obxectivo de sensibilización da sociedade galega.

A memoria de actividades resume a nosa traxectoria no último ano. É o noso xeito de render contas e convidaros a que sigades interesándovos e apoiando o traballo de Viraventos.

Patricia Ares  
Presidenta en funcións

Febreiro 2015



# viraventos





[www.viraventos.org](http://www.viraventos.org)



*"Da acubillo aos que veñen de lonxe aínda que penses que non son de aquí. Que antes nós, procuramos outros lares, porque nós somos eles, e eles...*



*son ti!"*

# viraventos

## O NOSO ENFOQUE

*A ONGD Viraventos, basea a súa filosofía na crenza de que o mundo cambia e faino constantemente. O que hoxe acontece nos países do Sur, aconteceu en Europa fai apenas uns poucos anos, o que hoxe acontece en Europa acontecerá logo noutro continente.*



Creada en Galicia no ano 2007, como organización independente, privada e sen ánimo de lucro, a ONGD VIRAVENTOS traballa por conseguir un novo modelo social baseado na interculturalidade e a xustiza por medio da intervención directa co colectivo inmigrante –os novos galegos e galegas- e da sensibilización da poboación sobre a importancia da diversidade, do coñecemento, do respecto e do diálogo entre culturas como mecanismo para contribuir á igualdade e a cohesión social. Viraventos ten como principais actuacións: a integración das persoas inmigrantes; a educación ao desenvolvemento e o combate contra a exclusión social.

Propiciamos unha educación global, formal e informal, que permita crear unha opinión pública activa que se cuestione por que existen distintas regras do xogo entre países, por que despois de décadas de cooperación ao desenvolvemento non se acadou o obxectivo dun mundo máis xusto. Unha masa social crítica que analice as causas e as consecuencias do empobrecemento e como afecta a millóns de persoas en todo o mundo. Impulsamos o acceso a unha educación integral e emancipadora que constrúa sociedades críticas e que apoie os procesos de igualdade global, loitando contra a exclusión e as estruturas de poder desiguais.



A **educación** como principal eixe de actuación.

“**Segundas xeracións**” de inmigrantes como principal colectivo destinatario.





# Organización



# Sumando fuerzas

Viraventos contou en 2014 cun equipo de voluntariado multidisciplinar, formado por 14 persoas que colaboraron de xeito estable coa organización. O voluntariado de Viraventos é maioritariamente feminino, con idades entre os 25 e os 40 anos, con formación universitaria, principalmente no ámbito social.

Ademais, outras 78 persoas colaboraron de xeito puntual coa entidade, principalmente no Programa de Emerxencia Social, onde se enmarca a Campaña SegundaManita de recollida e reparto de artigos infantís de primeira necesidade.

O voluntariado é un dos nosos principais activos. Persoas implicadas, que desenvolven responsablemente a tarefa que se lles encomenda e contribúen con propostas para novos proxectos á consecución dos obxectivos da entidade.



## Areas de participación do voluntariado

Aula de Formación  
Programa de acompañamento social e conciliación MAMACANGURO  
Intervención con menores  
Emerxencia social

## Servizo de Voluntariado Europeo (SVE)

Viraventos posee a acreditación europea como entidade de acollida de voluntariado a través do *Servizo de Voluntariado Europeo*.



# Logros do

21 accións de sensibilización desenvolvidas

4 novos servizos implantados

Máis de 5500 artigos infantis de primeira necesidade repartidos

12 Escolas Infantis participan na Campaña SegundaManita

5604€ repartidos en Axudas de Emerxencia Social

92 persoas voluntarias

2459 ofertas de emprego publicadas





# ano 2014

**13** actividades formativas desenvolvidas

**21100** visitas á web

**3** novos convenios de colaboración asinados con entidades sociais

Creación de **2** novas web asociadas á Área de Sensibilización e EpD

**113** novos usuarios/as

**113** familias asesoradas

**4970** seguidores en redes sociais







Que fixemos

# A actividades 2014

Viraventos proseguíu o seu traballo a prol da integración do colectivo inmigrante, coa educación como eixe principal das súas actuacións tanto no que se refire ás accións sociais como nas de sensibilización da sociedade.

No eido da Acción social, continuamos a traxectoria anterior, ampliando novos servizos e aumentando os colectivos de atención, centrando a maior parte dos nosos esforzos como entidade na implantación de programas específicos de loita contra a exclusión social, especialmente naquela que afecta á infancia.

En canto á area de Sensibilización e Educación ao desenvolvemento, Viraventos traballou na loita contra a discriminación racial e na promoción da diversidade cultural a través do Proxecto Choiva de Cores e da organización do Congreso “Xestión positiva da diversidade relixiosa: novos retos sociais e culturais na educación”.



## ACCIÓN SOCIAL

Programa de Integración e Cohesión Social. **PICS**

Programa de intervención socioeducativa con menores inmigrantes. **NOVAS CARAS.**

Programa de Apoio á maternidade e á crianza. **MAMÁCOLO**

## SENSIBILIZACIÓN E EpD

Proxecto **CHOIVA DE CORES.**

Congreso “**XESTIÓN POSITIVA DA DIVERSIDADE RELIXIOSA: NOVOS RETOS SOCIAIS E CULTURAI NA EDUCACIÓN**”.





Acción Social

# PROGRAMA DE INTEGRACIÓN E COHESIÓN SOCIAL

Este Programa propón una serie de actuacións en materia de acollida e integración social de persoas inmigrantes, co propósito de que a súa incorporación na sociedade galega se realice de forma efectiva e en condicións de igualdade e non discriminación con respecto aos cidadáns e cidadás de Galicia.

Cunha metodoloxía transversal, a execución das accións realízase de forma paralela para poder atender todas as dimensións da problemática da poboación atendida.


## ACOLLIDA

A acollida cumpre unha función imprescindible, supón o primeiro achegamento ao beneficiario/a e é a ponte cara ao seu proceso de integración.

**113 PERSOAS ACOLLIDAS NO 2014**

**2568 PERSOAS ACOLLIDAS DENDE O 2007**

### Perfil das persoas usuarias de Viraventos no 2014



### Actuacións desenvolvidas





# PROGRAMA “MAMÁ, COLO”

Acompañamento  
Comprensión  
Desafogo

Orientación  
Apoio  
Complicidade

## Programa de apoio *á maternidade e á crianza*

ONGD VIRAVENTOS

Rúa Alcalde Lens, 34 1º C - 15010, A Coruña

Teléfono: 881 889 460



**viraventos**

Non podemos doar o vento...  
...pero podemos construír mullas

[www.viraventos.org](http://www.viraventos.org)

[info@viraventos.org](mailto:info@viraventos.org)

# PROGRAMA DE APOIO Á MATERNIDADE E Á CRIANZA. MAMÁ, COLO

A finais do ano 2012 detéctase no Servizo de Acollida da entidade que cada vez son máis as mulleres inmigrantes, embarazadas ou cunha maternidade recente, que atravesan por graves dificultades para poder cubrir as súas necesidades básicas e as dos seus fillos e fillas.

Daquela, promóvese o PROGRAMA MAMÁ, COLO coa finalidade de ofrecer ás nais con fillos de 0 a 3 anos recursos de inserción social, laboral e formativos que atendan ás necesidades específicas que implica unha maternidade recente.

No ano 2014, o programa amplía o colectivo de atención á poboación autóctona e atende un total de 127 mulleres en situación de vulnerabilidade e exclusión e os seus fillos/as de 0 a 3 anos, residentes na cidade de A Coruña e na súa área metropolitana.

## Problemáticas que afrontan as usuarias

- ◆ **Dificultades para conciliar unha inserción laboral coa crianza de fillos e fillas.** A carencia de recursos para a atención á primeira infancia, e un mundo laboral cada vez máis desregularizado e precario, impide dar resposta ás necesidades sociais e persoais das mulleres ás que nos referimos.
- ◆ **Carencia de recursos económicos.**
- ◆ **Falta de redes familiares.** O illamento social, nestas ocasións, vívese de xeito acentuado e fai da maternidade un período de gran soidade. A falta de acompañamento e orientación na crianza dos fillos/ás acentúase pola falta de presenza da familia extensa, principalmente no caso de nais inmigradas.
- ◆ **Dificultades co idioma e cos patróns culturais.**
- ◆ **O embarazo, nalgunhas ocasións, non é previsto nin planificado,** e isto provoca que algunhas mulleres non estean preparadas para asumir a nova situación. As dificultades e conflitos familiares acentúanse ante o estrés económico e vivencial que supón o nacemento dun fillo.
- ◆ **As dificultades das familias nun ámbito adverso nos primeiros anos de crianza facilita a consolidación de pautas deficitarias, de relacións pais-fillos ao longo da infancia.**



# Loita contra a exclusión

## Orientación Social

Este proxecto tivo como finalidade principal ofrecer ás mulleres, principalmente con fillos de 0 a 3 anos, un servizo integral de atención social que lles permita abandonar a súa situación de exclusión.

### Actuacións desenvolvidas:

- Elaboración e seguemento do Itinerario Personalizado de Inserción Social
- Acompañamento ás Unidades de Atención Social Municipal e seguemento de casos. Coordinación de actuacións cos/as traballadores sociais de referencia da usuaria.
- Busca e asesoramento nos trámites de aluguer de vivenda.
- Xestións de acceso á escolarización básica e seguemento escolar.
- Orientación e apoio na tramitación de documentos, solicitudes, axudas sociais, etc.
- Orientación e apoio no acceso a recursos normalizados (Escolas Infantís, actividades municipais...)
- Mediación cos avogados/as de oficio, no caso de separacións, divorcios, custodia, violencia de xénero...
- Asesoramento e acompañamento en caso de violencia de xénero.
- Asesoramento xurídico individualizado en materia de estranxeiría (arraigamento social, residencia por circunstancias excepcionais, renovacións, xestións con consulados, solicitudes de nacionalidade, procedementos de expulsión, etc.)
- **Campaña Contra a Pobreza Infantil:** Recollida de artigos de primeira necesidade (roupa, zapatos, cueiros, leite, berces,...) nas Escolas Infantís da cidade de A Coruña adheridas á Campaña, e entrega entre as familias participantes no Programa Mamá, Colo.

Nº de mulleres beneficiarias: 110

Nº de familias colaboradoras: 21



# Acceso ao emprego

Este proxecto tivo como obxectivo desenvolver accións que facilitasen a integración no mercado de traballo das mulleres en situación ou risco de exclusión social e con fillos/ as de ata 3 anos residentes no concello da Coruña e a súa área metropolitana.

Estas actuacións partiron da valoración previa das circunstancias persoais e laborais das destinatarias, identificando e potenciando as súas habilidades co obxecto de poñer ao seu alcance recursos formativos e de emprego. Contouse cun equipo de traballo que realizou sesións de orientación, obradoiros prelaborais de capacitación profesional, promoveu a participación das usuarias en cursos de formación ocupacional, realizou mediacións empresariais e acompañou en todo o proceso de procura de emprego ás usuarias ata a súa inserción no mercado de traballo galego.

## Actuacións desenvolvidas:

- Valoración Social Individual.
- Diagnóstico de empregabilidade
- Definición do Plan de Acción para a Inserción. Deseño do IPI
- Seguemento do IPI e revisión quincenal dos obxectivos e actuacións .
- Formación en habilidades sociais para o emprego.
- Intermediación con empresas

Nº de usuarias participantes: 36

## Itinerarios Personalizados de Inserción Laboral



## Formación en Habilidades Sociais para o Emprego.





# Formación

O presente proxecto tivo como obxectivo favorecer a adquisición das competencias clave, da formación lingüística e da formación nos valores e características da sociedade galega, en mulleres inmigrantes en situación ou risco de exclusión social, con fillos de 0 a 3 anos residentes no concello da Coruña e a súa área metropolitana.

Estas accións partiron da valoración previa das circunstancias persoais e laborais das persoas destinatarias, identificando e potenciando as súas habilidades co obxecto de poñer ao seu alcance os recursos formativos esespecíficos.

O programa formativo abarcou os seguintes bloques de competencias clave:

## *Aulas de Idiomas:*

***Curso de iniciación á lingua e cultura española. (140 horas)***

***Curso de iniciación á lingua e cultura galega (Nivel Celga 1-Preparación da proba). (120 horas)***

***Comunicación en lingua castelá (Preparación da proba Competencias Clave N2).(120 horas)***

## *Aula Dixital:*

***Curso de formación en Competencias Dixitais. Nivel básico. (30 horas)***

***Curso de formación en Competencias Dixitais. Nivel Medio. (60 horas)***

***Curso de formación en Competencias Dixitais. Nivel Avanzado.(120 horas)***

**Nº de usuarias participantes: 24**

## Aula Idiomas



## Aula Dixital



# Educación maternal

Co obxectivo de ofrecer un sistema de apoio social cercano e accesible que facilite ás nais a adquisición de habilidades e capacidades axeitadas para o coidado dos bebés permitiéndolles vivir a súa maternidade como unha experiencia gratificante, púxose en marcha un Proxecto Específico de Educación Maternal, pois temos a firme crenza de que só cun sistema de apoio sólido e estable se poden diminuír e/ou eliminar aquelas situación de risco que poden aparecer durante o periodo comprendido dende o embarazo ata os 3 anos de vida do/a menor.

**Actuacións desenvolvidas:**

**Preparación ao parto:**

Obradoiros complementarios aos ofertados polo SERGAS, centrados no aspecto emocional e psicolóxico para a superación da carga emocional provocada pola situación de embarazo ou maternidade. Este servizo incluíu visitas domiciliarias semanais durante o puerperio para establecer e consolidar a lactación e o bo coidado ao bebé.

**Escola de nais e pais:**

A través de obradoiros semanais ofreceuse unha parte explicativa sobre algún tema de interese e, seguidamente, un espazo de debate entre as participantes co obxectivo de que poidesen aproveitar as experiencias respectivas. As temáticas tratadas estiveron directamente relacionadas co coidado de nenos de 0 a 3 anos, pero fóronse definindo semanalmente en función das necesidades e intereses das familias participantes.

**Nº de usuarias participantes: 45**

## Preparación ao Parto



## Escola de Nais e Pais





# Conciliación

## MAMÁ CANGURO

Dirixido a mulleres con algún fillo ou filla de ata seis anos de idade, o servizo pretende dar cobertura ás súas necesidades de formación ou busca de emprego coidando dos seus nenos e nenas durante o tempo que as nais adican a esas ocupacións (asistencia a cursos ou seguementos de itinerarios de inserción sociolaboral) coa intención de modificar unha situación de precariedade socioeconómica e risco de exclusión. O servizo, a cargo de profesionais cualificadas e con experiencia en educación infantil, recibiu derivacións dende servizos sociais públicos e diferentes entidades sociais.

Atendéronse entre agosto e novembro de 2014 37 nenos e nenas cunha idade media de 2 anos. No 54% dos casos a atención foi principalmente domiciliaria. O perfil das mulleres beneficiarias foi dunha idade media de 30,5 anos, con estudos básicos, inmigrantes (61%) e residentes no Concello de A Coruña (82%). O promedio de atención semanal foi de 8h por beneficiaria, dándose cobertura a actividades de formación (78% dos casos) e inserción laboral (22%).

**Nº de beneficiarias: 28**





# Bebeteca A CASIÑA

## Espazo de Garda

Espazo de ludoteca onde os nenos e nenas son atendidos por coidadores/as mentras as súas nais participan en diferentes actividades de inserción sociolaboral no local da entidade.

94  
usuarias







**P**ROGRAMA DE INTERVENCIÓN  
SOCIOEDUCATIVA CON  
MENORES INMIGRANTES

# P

## ROGRAMA DE INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA CON MENORES INMIGRANTES

# NOVAS CARAS

Iniciado en 2011, o programa pretende mellorar a integración escolar e social dos menores inmersos en procesos migratorios ofrecendo unha alternativa educativa durante as distintas etapas polas que atravesan e unha resposta global ás dificultades de integración.

O Programa estableceu os seus obxectivos atendendo aos tres ámbitos fundamentais na vida dos/as menores inmigrantes: a familia, a escola e o grupo de iguais.

Actuacións desenvolvidas:

- Clases de aprendizaxe e reforzo escolar
- Obradoiros de técnicas de estudo
- Servizo de Logopedia
- Titorías de seguemento e intervención educativa
- Mediación Escolar
- Obradoiros de Habilidades Sociais
- Educación no tempo de lecer
- Mediación familiar

Nº de participantes: 15



### Problemáticas derivadas do proceso migratorio

- ◆ **Desmotivación polo seu proceso de integración:** O feito de que o proxecto migratorio sexa unha decisión imposta polos seus familiares crea actitudes de rexeitamento cara aos seus proxenitores e cara ás novas oportunidades que se lle ofrecen.
- ◆ **Modelos referenciais distorsionados:** No caso de menores reagrupados con posterioridade aos seus proxenitores, o reencontro familiar prodúcese pasados anos moi importantes no desenvolvemento do menor, no que os roles familiares se distorsionan e as relacións se deterioran.
- ◆ **Adaptación á nova realidade económica da familia.** A situación en España é moito máis precaria para os menores reagrupados da que o era no seu país de orixe polo que o seu status descende considerablemente.
- ◆ **Perda de lazos afectivos.** A emigración supón a despedida de familiares e amizades que na época da adolescencia ocupan un papel esencial na vida do/a menor.





Sensibilización



Con frecuencia, o descoñecemento de determinadas culturas por parte da cidadanía galega, unido á maneira como se perciben e representan nos medios de comunicación e noutros ámbitos sociais a certas minorías -sen reflectir debidamente a súa natureza– provoca a aparición de prexuízos, estereotipos negativos e o crecemento de problemas como o racismo ou a islamofobia.

Responder a estas demandas é un desafío urxente, porque de non facelo poderían transformarse rapidamente nunha das fontes máis importantes de inestabilidade e conflito social.

Nunha sociedade onde a diversidade cultural é un feito crecente, debemos abordar necesariamente a cuestión do enriquecemento mutuo. A comunicación é a premisa para evitar que posibles situacións de conflito se convirtan en asuntos sen solución e, ao tempo, o camiño cara o respecto mutuo.

Dende Viraventos consideramos que o avance cara a interculturalidade require dunha concienciación sistemática e gradual, mediante espazos e procesos de interacción positiva, de confianza, de recoñecemento, de aprendizaxe e intercambio.

Ao longo dos dous últimos anos, Viraventos traballou nunha campaña de sensibilización e educación no fomento da convivencia, na loita contra a discriminación e na promoción da diversidade, mediante accións de educación intercultural dirixidas aos diferentes sectores de poboación, con maior incidencia nos máis pequenos/as para que poidan medrar aceptando con total normalidade a presenza de persoas con diferencas raciais, culturais, relixiosas,... e aprendendo a recoñecer a riqueza que aporta esa diversidade.

**Creemos que é preciso dirixir responsablemente estas novas realidades sociais para defender os dereitos humanos, promocionar a diversidade cultural, o diálogo intercultural e a loita contra a discriminación.**



Debemos educar aos nenos e nenas para que no futuro poidan desfrutar dunha verdadeira convivencia intercultural, onde ninguén sexa discriminando pola súa cultura e onde todos os nenos e nenas teñan as mesmas oportunidades, independentemente da súa procedencia.



# Mundo de Cores



COÑECE CON DIARA,  
MENIÑA "SENEGALEGA",  
A BELEZA DA DIVERSIDADE

Lugar e datas:

Lunes 25/08/2014

Centro de Convivencia de Fingoi 10:30

ORGANIZA:



COLABORA:



# MUNDO DE CORES

## PROXECTO PARA A PREVENCIÓN DA DISCRIMINACIÓN E A PROMOCIÓN DA DIVERSIDADE CULTURAL

Este proxecto forma parte da Campaña *Choiva de cores*, de tres anos de duración (2013-2015), que contempla accións dirixidas a todos os sectores de poboación, dende a infancia ata a poboación adulta, co fin último de que a sociedade galega recoñeza e acepte a súa realidade pluricultural e valore a riqueza dunha sociedade culturalmente diversa .

No ano 2014, elaborouse un recurso pedagóxico de educación intercultural para a poboación infantil, o conto <<Mundo de Cores>>, xunto á web interactiva [www.mundodecores.org](http://www.mundodecores.org). <<Mundo de Cores>> conta en primeira persoa a historia de Diara, unha meniña “senegalega”, que vive e disfruta da diversidade cultural na súa propia familia.

*Din que as nenas e os nenos crean a humanidade e, para crear, precisan cores distintas para pintar o mar, os peixes e a lúa, para debuxar un sol e unha mazá. Cantas máis, mellor, porque nada é branco e negro no mundo da creación. Os creadores e creadoras gustan de misturalo todo, a música e o baile, o doce e o amargo, as árbores e as estrelas, as bolboretas e os edificios. E desta mistura de cores, de sabores e de sons fan nacer unha nova realidade, unha cor diferente, unha nova palabra.*

*Todo xunto, unido para crear un mundo no que o amor non caiba en catro fronteiras.*

*Dedicado a Diara e a todas e todos os creadores da humanidade...*

Ana Díaz Romero. **Prólogo do conto Mundo de cores**



Viraventos pretende dar continuidade a este traballo mediante unha pequena colección de contos infantís, baixo o nome Diara e o seu mundo de cores, onde a protagonista, a través das diferentes cores, irá contando distintas experiencias vividas entre Galicia e Senegal. Para achegar este proxecto aos nenos e nenas realizáronse representacións do conto dentro da educación formal (centros públicos de educación infantil) e non formal (centros municipais de convivencia), onde unha contacontos presentáballes aos máis cativos/as a historia de Diara.

A páxina web [www.mundodecores.org](http://www.mundodecores.org), dedicada en exclusiva á educación intercultural infantil, inclúe a publicación multimedia do conto traducido a seis idiomas (galego, castelán, inglés, francés, árabe e wolof). Conta tamén cun espazo dirixido á comunidade educativa, con material didáctico e unha guía de uso con explicacións axeitadas para cada xogo proposto.


Os diferentes persoaxes do conto protagonizan tamén na web unha serie de xogos interactivos en torno á diversidade cultural, sinxelos (puzzles, ...) e adaptados ás idades de 3 a 6 anos.







“a liberdade de pensamento, conciencia e relixión é un dos fundamentos dunha sociedade democrática [...]. É, na súa dimensión relixiosa, un dos elementos máis vitais que conforman a identidade dos crentes e a súa concepción da vida, pero é tamén un ben precioso para os ateos, os agnósticos, os escépticos e os indiferentes. Dela depende o pluralismo, inseparable dunha sociedade democrática, que conseguiu a un alto prezo ao longo dos séculos.”





# Congreso "Xestión Positiva da Diversidade Religiosa na Educación."

NOVOS RETOS SOCIAIS E CULTURAIS NA EDUCACIÓN

A Facultade de Socioloxía da Universidade de A Coruña acolleu os días 8 e 9 de outubro de 2014 o Congreso "Xestión positiva da diversidade relixiosa na educación. Novos retos sociais e culturais" que pretendeu proporcionar ao persoal dos centros educativos galegos un espazo de coñecemento das diferentes minorías relixiosas con máis presenza en Galicia así como unha oportunidade para o intercambio de modelos, prácticas e ferramentas enfocadas cara unha educación intercultural e pluriconfesional.

Organizado pola ONGD Viraventos, en colaboración coa Universidade da Coruña, e financiado polo Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación, o Congreso -de inscrición aberta e gratuita- reuniu representantes de institucións do sector público estatal, como a **Fundación Pluralismo y Convivencia (Ministerio de Xustiza)**; de centros educativos, como o **CEIP Ponte dos Brozos de Arteixo** e de diferentes confesións relixiosas (**musulmá, evanxélica e budista**) con responsables da **Consellería de Educación** e investigadores/as e expertos do ámbito da diversidade para debater sobre diversos temas de actualidade como a laicidade da escola pública ou a presenza de símbolos relixiosos, entre outros.

Para a entidade organizadora <<a presenza de alumnado que profesa distintas relixións é un fenómeno cada vez máis común nos centros educativos galegos. Se ben é certo que a inmigración aumentou o pluralismo relixioso, hoxe éste é xa un fenómeno propio e non pode considerarse un elemento temporal, polo que é unha cuestión prioritaria unha adecuada xestión desta diversidade>>.

En moitas ocasións, os centros e comunidades escolares perciben a diversidade cultural e relixiosa como un problema. O Congreso quixo poñer de manifesto como <<o descoñecemento acerca doutras culturas e relixións, así como os prexuízos e estereotipos negativos que existen sobre unhas e outras, condicionan as relacións entre profesorado e alumnado, entre alumnado e coas familias vulnerando, ás veces, o dereito á liberdade de crenzas ou forma de vida do/a menor>>.

Coincidindo coa celebración do Congreso, Viraventos presentou a páxina [www.diversidadcultural.es](http://www.diversidadcultural.es) que difundirá recursos pedagóxicos e ferramentas didácticas para o traballo na aula, así como investigacións, publicacións e novidades respecto a xestión da diversidade cultural e relixiosa.

**Congreso "Xestión Positiva da Diversidade Religiosa na Educación."**  
NOVOS RETOS SOCIAIS E CULTURAIS NA EDUCACIÓN

Data: Mércores 8 e Xoves 9  
Lugar: Salón de Graos, Facultade de Socioloxía, Universidade da Coruña  
Inscrición: [www.diversidadcultural.es](http://www.diversidadcultural.es)

Organiza: Asociación Viraventos

Mércores 8 outubro	Xoves 9 outubro
09:00 – 09:30 Inauguración	09:00 – 09:30 Educación e misión: Plurismo (Genel Oyarzun, Subdirectora Fundación Pluralismo y Convivencia)
09:30 – 10:00 Hidrografía do pluralismo relixioso en Galicia: minorías relixiosas Actuais. Anxela Izquierdo, Catedrática de Socioloxía da Universidade da Coruña.	10:00 – 11:30 Educación intercultural e diversidade relixiosa: Ferramentas e recursos didácticos para a xestión da diversidade. Mar Lomero e Miguel A. Santos, Grupo de Investigación Educativa, Universidade de Santiago de Compostela.
10:30 – 11:00 Oportunidades e retos sociais e culturais do pluralismo relixioso: Diversidade relixiosa: oportunidade ou problema? José Manuel López Rodrigo, Director Centro de Estudos Temáticos.	11:30 – 12:00 Café
11:30 – 12:00 Café	12:00 – 13:00 Xestión da diversidade na escola pública e laica. Francisco Delgado, Presidente de Europa Laica.
12:00 – 14:00 Mesa redonda "Demandas sociais das comunidades relixiosas minoritarias". Representantes das diferentes relixións.	13:00-14:00 As prácticas de harmonización como instrumento de xestión da diversidade relixiosa. Eduard J. Ruiz Veytia, Director do Instituto de Dereitos Humanos Pedro Arrupe, Universidade de Deusto.
14:00 – 16:00 Descanso	14:00 – 16:00 Descanso
16:00 – 17:00 O Islam: Poboación musulmá, relación, cultura e convivencia. Ray Tolley Sainzy, Secretario da Unión de Comunidades Islámicas en España.	16:00 – 18:00 Mesa redonda: A resposta da educación á diversidade relixiosa.
17:00 – 18:00 Documental: "Salma cuarenta".	18:00 – 18:30 Clausura

Financia: Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación, Viraventos, etc.

Entidades colaboradoras: esom i, etc.

máis información en [www.diversidadcultural.es](http://www.diversidadcultural.es)  
[www.viraventos.org](http://www.viraventos.org)

**Diversidad Cultural**  
Español de Convivencia y Reflexión

Inicio Congreso Formación Material didáctico Actividades

La uniformidad es la muerte, la diversidad es la vida. Bakunin, Mijail

Noticias Calendario intercultural Enteras de interés Colaboraciones

Stack of books, Elephant, and a person in a hat.



SALUD Y PARTICIPACIÓN  
SOCIAL




Participación institucional  
e  
Movilización social



**CAMPAÑA INFORMATIVA DE NADAL NO CENTRO DE FNAC DE A CORUÑA**



**MANICÓMICOS: Contacontos "LA FAMILIA RATAPÓN"**



**A Asociación de Empresas de Inserción de Galicia impartiu a persoal de Viraventos a formación " Aspectos Básicos das Empresas de Inserción".**

**Participación no Encontro sobre *Comunicación e ONGD*, organizado pola Asociación Galega de Reporteiras Solidarias (AGARESO)**



**MESA DE TRABALO NA CONSELLERÍA DE TRABALO E BENESTAR**



**REUNIÓN COA SECRETARIA XERAL DE IGUALDADE**





# Tecendo Redes

# Tecendo Redes

## PROXECTO DE DINAMIZACIÓN COMUNITARIA ENTRE A POBOACIÓN INMIGRANTE

**AGRA CIVIS é un proxecto independente que xorde en A Coruña da alianza entre as ONGs Ecos do Sur, Cuarto Sector, Juan Soñador, Manicómicos, Mestura e Viraventos.**

Traballamos en común, promovendo que os/as habitantes dun barrio con tanto potencial de futuro como é o Agra do Orzán participemos activamente en cuestións clave (espazos públicos, emprego, veciñanza, política, cultura...) a través da xeración de espazos de encontro nos que debater e decidir o que nos importa.

Neste contexto, Viraventos promoveu o proxecto TECENDO REDES para fomentar o respecto á igualdade e á convivencia e dotar ás mulleres de ferramentas sociais básicas para propiciar a súa participación.

### **Actividades desenvolvidas:**

#### **Espazo de encontro REDES**

Sesións semanais de intercambio e formación en materia de participación social co fin de que as asistentes se convertan en cidadás activas. Dentro destas actividades planificáronse diálogos e conferencias sobre temas específicos que lles puidesen afectar, sesións de teatro e cine, visitas a entidades do barrio, etc.

#### **Espazo de Garda "A CASIÑA"**

Espazo de ludoteca especialmente pensado para as nais con fillos/as menores de 3 anos, xa que unha das maiores barreiras para participar en actividades de dinamización social son precisamente as cargas familiares non compartidas

**Nº de participantes: 14**








COMUNICACIÓN

PRESENZA INSTITUCIONAL

[www.viraventos.org](http://www.viraventos.org)



[www.mundodecores.org](http://www.mundodecores.org)



[www.diversidadcultural.es](http://www.diversidadcultural.es)

Redes sociais


4689 seguidores  
facebook

281 seguidores/as  
twitter

Aparicións en prensa e páxinas web








# A S CONTAS CLARAS

Informe económico

## Resumo de ingresos e gastos do 2014

INGRESOS: 131.287,03€


GASTOS: 137.683,37€



## Cómo se obtienen los ingresos



## Cómo se distribuyen los fondos







# Colabora!

**Traballamos pola  
Convivencia intercultural  
Igualdade social**

Asesoramento | Apoio | Formación | Sensibilización



# AGRADECEMENTOS


ENTIDADES

COLABORADORAS

# Entidades financiadoras



# Entidades colaboradoras



*Todo o noso agradecemento para o voluntariado, persoas socias, doantes,... e toda aquela xente que colaborou connosco dun xeito ou doutro.*

*Sen vós todo este traballo sería imposible*

*ONGD Viraventos*

## Centros educativos

- ◆ IES Urbano Lugrís
- ◆ IES Agra do Orzán
- ◆ CEIP Raquel Camacho
- ◆ CEIP María Barbeito
- ◆ IES Salvador de Madariaga
- ◆ IES Rafael Dieste





**ONGD VIRAVENTOS**  
**R/ Alcalde Lens 34 1º C**  
**15010 A Coruña**  
**Tlf. 881889460 / 698179375**  
**info@viraventos.org**  
**www.viraventos.org**

